

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de novembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás dúas horas e dez minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1513).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 8 de novembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1514).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA AO CURSO “HABILIDADES EN SAÚDE MENTAL PARA PROFESIONAIS DOS CENTROS ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS EN RÉXIME RESIDENCIAL E SEMIRRESIDENCIAL” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 687/315.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta da monitora da Unidade de Día da UAD Cedro, do 11.11.04, conformado polo director da UAD Cedro, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e o concelleiro-delegado de Economía e Facenda, o informe da Unidade de

Persoal do 11.11.04 e os documentos contables RC acreditando a existencia de saldo necesario para o gasto que se propón realizar, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Autorizar a asistencia ao curso denominado “Curso de Formación sobre habilidades en Saúde Mental para profesionais de centros asistenciais de drogodependencias en réxime residencial e semiresidencial” que terá lugar en Santiago de Compostela os días 19, 20, 26 e 27 de novembro de 2004.

2º- Aprobar o gasto total de 239,94 € con cargo ás partidas 2310000 (184,64 €) e 2300100 (55,30 €).

3º- Aprobar o pago de 239,94 € que se librarán mediante orde de pago a xustificar a nome de M^a del Carmen Iglesias Vázquez, DNI. 36034114Z, de acordo coa seguinte distribución:

| | |
|-----------------------------|----------|
| con cargo á partida 2310000 | 184,64 € |
| con cargo á partida 2300100 | 55,30 € |

3(1515).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR. ALTAS EXPTE: 11/945, 11/542.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Alejandro Fontenla Fontán. Expte. 11/945.
- D^a. Carmen Viéitez Vigo. Expte. 11/542.

4(1516).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 23/826.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 18.11.04, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Eugenia Caeiro Rodríguez. Expte. 23/826.

5(1517).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO CROSS ESCOLAR IV MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO. EXPTE 4905/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Agrupación viguesa de Atletismo-Zunfer e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar Agrupación Viguesa de Atletismo-Zunfer a celebrar o vindeiro día 12 de decembro de 2004 a IV edición do cross escolar Memorial Andres Abanqueiro-Bocateria Papo's-Deportes Athletic's, que esta previsto se desenvolva no Parque de Castrelos entre ás 9:00 e ás 14:00 h..

6(1518).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 4911/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.11.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno de Goberno acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións:

- Moto Club A Peroxa con Cif G-36837243 pola organización da actividade Campeonato de Europa de Embarcacións Neumáticas 1.000 €.
- Sociedad Cultural y Deportivas Xestas con CIF G-36628543 Pola organización da actividade 18 trofeo Cidade de Vigo de petanca. 1.000 €
- Federación Gallega de Lucha con CIF G-36651081 pola organización do evento 8º Torneo Internacional Ciudad de Vigo. unha subvención de 1.000 €.
- Club Petanca Galicia con CIF G-36881639 pola organización do evento 24 horas de petanca feminina unha subvención de 600 €.
- Federación de Peñas del Real Club Celta con CIF G-36190668 pola organización do evento Convención de peñas Real Club Celta unha subvención de 13.250 €.
- Organización Playera con CIF G-36775930 pola organización do evento Torneo de Praias unha subvención de 2.000 €.
- Asociación Viguesa de Taekwondo con CIF G-36919637 pola organización do evento Taekwondo en Vivo. unha subvención de 300 €.
- Federación Gallega de Judo con CIF G-15109267 pola organización do evento 9º Gran Premio Internacional de Judo Cidade de Vigo.subvención de 3.000 €.

- Comesaña Sporting Club con CIF G-36645257 pola organización do evento 26 memorial Belarmino Alonso, unha subvención de 2.000 €.
- Club Baloncesto Helios de Vigo con CIF G-36825347 pola organización do evento Cidade de Vigo de baloncesto unha subvención de 6.000 €.
- Federación Gallega de fútbol sala con CIF G-15125206 Polo evento Cidade de Vigo de fútbol sala unha subvención de 1.500 €
- Federación Gallega de Atletismo con CIF G-15103500 pola organización do evento Gran premio pedestre de navidad unha subvención de 3.000 €.
- Club Triathlon Vigo con CIF G-36705101 pola organización da actividade 18 Tratlhón Cidade de Vigo 600 €.
- Agrupación Deportiva Xogara con CIF G-36655033 pola organización do evento Deporte para Todos. unha subvención de 600 €.
- Agrupación Deportiva Zanshin con CIF G36870160 pola organización do evento 4º Campeonato Gallego Kobudo- Defensa Personal unha subvención de 1.500 €.
- Agrupación Deportiva Zanshin con CIF G36870160 pola organización do evento 5ª Trofeo Ciudad de Vigo unha subvención de 1.500 €.
- Club Bowling Celta con CIF G36685345 pola organización do evento 8 Torneo Internacional ciudad de Vigo. unha subvención de 2.300 €.
- Federación Provincial de grupos de empresa con CIF G36851400 pola organización do evento 11ª Trofeo Ciudad de Vigo de Deporte Laboral unha subvención de 300 €.
- Club Deportivo San Juan con CIF G36810315 pola organización do evento 7 Torneo San Xoan de Futbol Sala. unha subvención de 500 €.
- Federación gallega de Tenis con CIF G15102767 pola organización do evento 63º Edición del campeonato de Vigo de Tenis.subvención de 3.000 €.
- Club Ciclista Vigués con CIF G36650885 pola organización do evento Dptico ciclista – 31º Gran Premio Ciudad de Vigo de Ciclismo, unha subvención de 20.000 €.

- Club Colombofilo Gallego con CIF G36645059 pola organización do evento Competicións colombofilas 2004 unha subvención de 300 €.
- Peña Cicloturista Travesías con CIF G36703213 pola organización do evento I supermarcha memorial Darío Rodríguez unha subvención de 300 €.
- Club Castrelos de Patinaxe Artístico con CIF G36811974 pola organización da actividade Campionato provincial de niveles unha subvención de 600 €.
- Club Montañeros Celtas con CIF G36637890 pola organización da actividade 2º Gran Travesía Ría de Vigo unha subvención de 300 €.
- Federación Viguesa de Peñas Recreativas el Olivo con CIF G36704666 pola organización do evento I Campus deportivo de fútbol Sala. unha subvención de 3.000 €.
- Asociación Deportiva FAMU con CIF G36681633 pola organización do evento 12 Fiesta de Judo Infantil unha subvención de 6.000 €..
- Asociación de Vecinos Cristo da Victoria con CIF G36622793 pola organización do evento V Torneo Nacional de Petanca unha subvención de 2.500 €.
- Sociedade deportiva de Atletismo San Miguel de Oia de Vigo con CIF G36645018 pola organización do evento 27 trofeo de campo a través unha subvención de 600 €.

Este gasto irá con cargo a partida 4521 4890001 Subvencións a eventos deportivos, importando un total de 78.550 €

2º.- Rexeitar as seguintes solicitudes polos seguintes motivos

- Club de corredores Big Bay ----- Por estar a solicitude fora de prazo, dado que ten que solicitala con 15 días de antelación ó evento.
- Federación Gallega de Ciclismo----- Por desenvolverse o evento en toda Galicia, sendo un evento de carácter autonómico.
- Federación de Judo ----- Por estar a solicitude fora de prazo, dado que ten que solicitala con 15 días de antelación ó evento.
- Club Petanca Victoria --- Por non desenvolverse a actividade na cidade de Vigo
- Delegación de Vigo de la Federación de Atletismo para o evento series municipais interclubes. Por estar a solicitude fora de prazo, dado que ten que solicitala con 15 días de antelación ó evento.
- C.D. Vigo Fútbol Sala ---- Por non presentar a documentación requirida nas bases.
- Club Alas de Candean --- Por non concretar as datas do evento, e polo tanto estar fora de prazo.

- Delegación de Vigo de la Federación de Atletismo para o evento carreira nocturna de San Juan. Por estar a solicitude fora de prazo, dado que ten que solicitala con 15 días de antelación ó evento.
- Federación Gallega de Tenis. Por no desenvolverse o evento Tenis na rúa.
- Asociación cultural y deportiva Xestas. Por ser un torneo de a Deputación Provincial.
- Club El Castro de Lucha. Por estar a solicitude fora de prazo, dado que ten que solicitala con 15 días de antelación ó evento.
- Club Hípico la Muralla. Por no desenvolver esta entidade o evento.
- Asociación de Veciños de Cabral. Por terlle outorgado trofeos.
- Montañeros Celtas. Non se trata de un evento deportivo.
- Club Atletismo femenino Celta. Por no tratarse de un evento deportivo. Son dúas ligas escolares.
- Unión Balonman Lavadores. Por terlle outorgado trofeos.
- Seminario Anual de Psicología Deportiva. Por non tratarse de un evento deportivo.
- Xadrez Asociación de Veciños doctor Felming. Por terlle outorgado trofeos.
- Club Ciclista Traviesas. 5º Xorndas Cicloturisticas, por celebrarse fora do termino municipal.
- Escudería Karting Baixo Miño. Falta documentación.
- Club Ciclista Teis. Por terlle este evento subvencionado na convocatoria de actividade ós clubs deportivos.
- Federación Galega de fútbol sala. En todos os eventos por terlle outorgado trofeos.
- San José de la Guía. Por non terse desenvolvido o evento.
- Club Nautico de Vigo. Por estar estos eventos conveniados con la citada entidad.
- Escudería Rias Baixas. Por estar este evento conveniado con a citada entidade.
- A V C D Monte da Mina. Marcha popular ciclista. Por serle outorgado trofeos.

7(1519).- CONTROL DO ACCESO DE PÚBLICO Ó XXIV CONCURSO DE RONDALLAS QUE TERÁ LUGAR NO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES O 1 DE XANEIRO DE 2005. EXPTE 1269/335

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Servicio de Festas e Animación Sociocultural, do 22.11.04, conformado polo concelleiro de dito servicio, que di o seguinte:

A Concellería de Festas e Animación Sociocultural está a traballar na organización do tradicional “Concurso de Rondallas” que este ano chega a súa vixésima cuarta edición, e que terá lugar na tarde do día 1 de xaneiro de 2005, nas instalacións do Instituto Municipal dos Deportes das Travesas.

Dende o ano 96 vense regulando o acceso de público a través da limitación do aforo e mediante a distribución de invitacións, co obxecto de garantir a seguridade dos asistentes; estas invitacións repártense entre as rondallas participantes, compromisos protocolarios da Concellería de Festas e nas taquillas do IMD a partir das 16,00 horas do día do concurso.

O Instituto Municipal dos Deportes nos informa mediante escrito de data 12 de novembro de 2004, que o pavillón central conta con 3.400 asentos nas gradás, os que hai que engadir 500 cadeiras que se sitúan tradicionalmente na pista, diante do escenario. O que fai un aforo de 3.900 asentos.

Por este motivo, considérase imprescindible a aprobación desta medida na Comisión de Goberno, polo que, coa conformidade do concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, faise a seguinte PROPOSTA:

“Que se regule o acceso de público ás instalacións do Instituto Municipal dos Deportes das Travesas con motivo da celebración do “XXIV Concurso de Rondallas”, que terá lugar o vindeiro 1 de xaneiro de 2005, mediante a limitación do aforo e a distribución de 3.900 invitacións.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1520).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO-ZUNFER DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO DO AUDITORIO DE CASTRELOS PARA REALIZAR A IV EDICIÓN DO CROS ESCOLAR MEMORIAL ANDRÉS ABANDEIRO-BOCATERÍA PAPO’S-DEPORTES ATHETIC’S. EXPTE. 1268/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 22.11.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión de uso das instalacións do auditorio do Parque de Castrelos á AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO - ZUNFER, CIF:G-36.645.109 para celebrar la “IV Edición del cros escolar memorial Andrés Abandeiro- Bocatería Papo’s – Deportes Athletic’s”, según as seguintes condicións:

1. A cesión de uso das anteditas instalacións realizarase entre as 09’00 e as 14’00 horas do día 12 de decembro de 2004, e comprenderá os vestiarios, servizos e unha oficina para instalar a secretaría da competición. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración da competición será exclusivamente da AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO - ZUNFER, CIF:G-36.645.109, como organizadora da mesma.
2. O Concello encargarse do subministro eléctrico e designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarles nas súas posibilidades de utilización.
3. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración da competición por conta da AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO - ZUNFER, .
4. Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

9(1521).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 565.972,40 € A FAVOR DE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DUN PLAN DE CHOQUE DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 11/241.

Retírase o expediente da orde do día para mellor estudo.

10(1522).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DE AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA EXPTE. 70286/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 24.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg, debendo retiralos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo Concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que seccionar o bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

MATRICULA

MARCA MODELO

EXPEDIENTE : 2 / 2004

| | |
|------------|-----------------------|
| 025249 | DAELIM MESSAGE |
| 031756-X | YAMAHA JOG |
| 24451 | VESPINO NLX |
| 376556 | DERBI |
| 4080007843 | PEUGEOT |
| 836203655 | VESPINO |
| SIN PLACAS | OPEL CORSA - 04S00020 |
| C-9173-BBY | PIAGGIO ZIP BASE-MY |
| C-8376-BMC | PIAGGIO ENERGY |
| M-9590-ET | MERCEDES BENZ MB 150 |
| M-5306-IK | OPEL KADETT 1.3 S |
| M-9973-JG | CITROEN BX 1.6 RS |
| PO-5808-W | OPEL CORSA 1.0 |
| PO-7559-Z | PEUGEOT 205 GR |
| PO-3483-AH | PEUGEOT 309 GL |
| PO-4508-AV | FORD MONDEO 2.0 |

SE-4014-BS

FORD ORION 1.6

EXPEDIENTE : 6 / 2004

PO-0223-AD

RENAULT EXPRESS

EXPEDIENTE : 7 / 2004

00007215

CHASIS NEGRO

00027513

CHASIS NEGRO

0075466

PIAGGIO TYPHOON

0131923

DERBI QUEMADA

04002699

CHASIS NEGRO

042359

YAMAHA JOG

MATRICULA

MARCA MODELO

1 RUEDAA

RUEDA

BICI-GAC

GAC - MULTY

BICICLETA

ORBITA ROJA

CARECE

CITROEN BX-04S04748

E-289380

DERBI VARIANT

E-329549

DERBI VARIANT

OXE-041485

CHASIS NEGRO

S/ NADA

YAMAHA - 04I06808

S/PLACAS

LANCIA Y 10-04I05319

SINN NAADA

CHASIS - 04S06195

BICI-04S06776

BICICLETA BH

C-1953-AP

RENAULT R-19 TXE

C-7798-AU

FORD SIERRA

C-4865-BDS

DERBI HUNTER

C-4959-BDS

HONDA SFX 50

C-4829-BFC

DERBI START

C-6218-BFD

PIAGGIO MC2 - 98

C-6345-BFD

HONDA SFX 50

C-7896-BFF

PIAGGIO MC2 - 98

C-7978-BFF

MALAGUTI F-12

C-4634-BFM

PIAGGIO ZIP AGUA

C-2102-BFN

PIAGGIO ZIP BASE MY

C-7372-BGG

DERBI PREDATOR

C-3478-BGM

YAMAHA CY50 R

C-0793-BGN

YAMAHA CW 50 RS

C-6171-BHB

HYOUNG SUPER CAB

C-5681-BHH

APRILIA SONIC 50

C-6497-BHX

HONDA SJ 50

C-1761-BLB

KYMCO HEROISM 50

C-5221-BPT

SUZUKI DR 50

IB-8661-AS

OPEL CORSA 1.0 CITY

| | |
|------------------|---------------------|
| M-4128-HS | SUZUKI SANTANA |
| M-5697-HV | OPEL KADETT 1.6 D |
| MU-2830-Z | SEAT IBIZA DIESEL |
| PO-5396-O | RENAULT R-12 TL |
| PO-5533-S | RENAULT R-9 GTL |
| PO-0606-U | SEAT FIAT PANDA 40 |
| PO-2398-W | RENAULT R-18 GTX |
| PO-5103-W | SEAT RONDA 1.2 |
| PO-6341-W | PEUGEOT 205 XR |
| PO-5188-X | RENAULT R-21 |
| PO-2930-Z | FORD ORION 1.6 |
| PO-5566-Z | RENAULT R-EXPRESS |
| PO-5780-Z | CITROEN AX 1.4 TZS |
| PO-9572-AB | SEAT IBIZA 1.2 |
| PO-0938-AJ | SEAT MARBELLA |
| <u>MATRICULA</u> | <u>MARCA MODELO</u> |

| | |
|------------|----------------------|
| PO-9747-AK | CITROEN BX - 1.9 |
| PO-9411-AL | NISSAN TRADE |
| PO-4535-AM | HONDA NSR 125 F |
| PO-3881-AN | PEUGEOT 309 BESTLINE |
| PO-4958-AN | PEUGEOT SV 125 |
| PO-8204-AN | FORD ORION 1.6 2V |
| PO-9880-AN | OPEL CORSA 1.0 |
| PO-6846-AS | FORD ESCORT 1.8 D |
| PO-0806-AU | CAGIVA MITO 125 |
| PO-9493-AY | SUZUKI AN 125 |
| PO-0771-BH | SEAT IBIZA 1.9 D |
| PO-7911-BK | CITROEN BX 1.9 16 V |
| PO-4287-BL | PIAGGIO HEXAGON 125 |
| V-0488-EU | PEUGEOT 106 KID |

EXPEDIENTE : 8 / 2004

| | |
|------------|--------------------|
| C-2507-BFP | PIAGGIO ENERGY MC2 |
| PO-1953-Z | PEUGEOT 309 SR |
| PO-5941-AY | FIAT FIORINO 1 7 D |
| PO-7714-BJ | RENAULT R11 TSE |

EXPEDIENTE : 9 / 2004

| | |
|------------|-----------------|
| -8930-BMX | VOLKSWAGEN GOLF |
| PO-4366-AL | RENAULT R - 5 |
| PO-4242-AV | RENAULT CLIO |
| PO-1830-BC | FIAT PUNTO |

TOTAL VEHÍCULOS: 92

11(1523).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS. EXPTE. 1186/335.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 4.10.04 acordou aprobar o expediente de contratación do deseño e produción das carrozas para a cabalgata de Reis.

Con data 12.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 205 e no BOP nº 208 de datas 22 e 27 de outubro prespectivamente do presente ano, presentouse unha única proposición: Conmasarte S.L.

A Mesa de Contratación en sesión relizada o 15.11.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasando a oferta ao Servizo de Festas e Animación Sociocultural para informe.

A técnica de Admón. Especial de dito servizo emite informe, con data 15.11.04 e conformado polo concelleiro delegado do servizo, facendo constar que a oferta presentada cumpre coas bases técnicas de contratación polo que non existe inconveniente en que sexa proposta como adxudicataria.

A Mesa de Contratación en sesión do 22.11.04 emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Conmasarte, S.L. o concurso para a contratación do deseño e produción da cabalgata de Reis do ano 2005 por un importe total de 48.500 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 04-10-2004 e a oferta presentada.

12(1524).- PROPOSTA PARA REGULARIZAR OS CONTRATOS DE MANTENEMENTO DE ASCENSORES. EXPTE. 17141/240

Dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 19.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Na actualidade o Concello e Vigo ten subscritos diversos contratos con empresas encargadas do mantemento de ascensores instalados en edificios propiedade do Concello de Vigo.

Os contratos que están depositados na oficina de Patrimonio e Contratación son moitos deles anteriores á entrada en vigor da Lei de Contratos para Administracións Públicas e se veñen renovando ano a ano para manter en servizo os ascensores.

Ademais dos anteriores contratos outros servizos municipais fan contratos menores cunha duración de un ano para o mantemento dos ascensores instalados nas dependencias que xestionan.

No artigo 196-3º c) do Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que son contratos de servizos os de mantemento, conservación limpeza e reparación de bens, equipos e instalacións, polo que os contratos de mantemento de ascensores deberan rexir polo disposto na devandita Lei.

Resulta polo tanto necesario regularizar a situación dos contratos de mantemento dos ascensores para a súa adaptación ó Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o mesmo tempo homoxeneizar as prestacións e os períodos de facturacións para reducir o número de facturas que se tramita.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Polos servizos de Electromecánicos e Contratación se elaboren os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación do mantemento dos ascensores e montacargas instalados nas dependencias municipais.

En tanto non se produza a contratación do novo servizo manteranse vixentes os contratos actuais.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1525).- CESIÓN DE LOCAL MUNICIPAL SITO NA PRANTA BAIXA DO EDIFICIO Nº 5 DA RÚA OTERO PEDRAIO Á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”.EXPTE. 1771/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 17.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes

1º A Asociación Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” solicitou a cesión por parte do concello do local de titularidade municipal sito na praza de Galegos Ilustres

2º Polos servizos de Participación Cidadá formulouse proposta favorable a solicitude de cesión gratuita do local sito na pranta baixa do edificio n º 5 da rúa Otero Pedraio a favor da Asociación solicitante e con fin do seu destiño ó desenvolvemento as actividades propias da mesma.

3º Durante a instrucción do expediente emitíronse informes pola Intervención Xeral do concello en data 26 de outubro de 2004 e pola Xerencia Municipal de Urbanismo oficiña de Planeamento e Xestión en data 18 de outubro de 2004, e en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Administracións Locais.

Fundamentos de dereito

1º O concello é titular do local sito na rúa Otero Pedraio nº 5 desta cidade de Vigo adquirida por cesión gratuita da empresa SEROMARS.L., mediante escritura pública do 25 de setembro de 2001 e inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 baixo o número de finca 73903 tomo 1284 folio 109.

Consta de alta do Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmobles co código de propiedade 001893 e coa natureza xurídica patrimonial, por acordo plenario de 13.09.04.

2º A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” figura inscrita no rexistro de entidades do concello de Vigo co nº 143 dende 1990, segundo informa o servizo de Participación Cidadá estimándose por este de interese a cesión do local de titularidade municipal polo desenvolvemento daquela dunhas actividades estables de interese social e carácter lúdico e cultural que conta co apoio de diferentes áreas municipais e incide de modo evidente e positivo na súa masa social en particular e veciños en xeral (informe 20 de xaneiro de 2003 ratificado en data 18 de outubro de 2004).

3º.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enaxenación do seu patrimonio recoñecendoselle polo regulamento xurídico a facultade de cesión gratuita do seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interese público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais)

4º.- Resulta competente para a adopción do acordo de cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido fórmulase, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local trala súa modificación introducida por Lei 57/2003

Polo anteriormente exposto faise a Xunta de Goberno local a seguinte proposta:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Ceder gratuitamente e en precario, polo prazo de 25 anos, á Asociación Federeación de Peñas Recreativas “El Olivo”, o dereito de uso do local de propiedade municipal sito na pranta baixa do edificio nº 5 da rúa Otero Pedraio desta cidade, con suxección as seguintes cláusulas:

- A entidade beneficiaria destinará o local aos fins propios dos seus estatutos e, en particular, aqueles programas e actividades de interese xeral de carácter social, lúdico e cultural que anualmente desenvolve a entidade en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin a entidade rexentará anualmente o orzamento de gastos e ingresos, proxecto de actividades, memoria final e balance económico das mesmas.

- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ao local polos actos u omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506, 05 €.
- A entidade usuaria do ben non está en relación de dependentncia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- Será por conta da asociación usuaria tódolos gastos de mantemento e conservación do local, así como os de subministración de auga, electricidade e a cota do 1,70 % de participación comunitaria do inmovible.
- A cesión extinguirírase: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou pola denegación expresa da súa prorrogas; pola renuncia da asociación a dita cesión, polo incumprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da asociación, e pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.
- Calquera obra ou mellora do local, contará co previo coñecemento da concelleira de Participación Cidadá e autorización ou licenzas municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos que de estas deriven. As obras e instalacións executadas revertirán integramente a administración municipal no momento que cese o uso outorgado.
- Concello de Vigo, no momento en que así o determine poderá compartir o uso do devandito local, en igual ou menor superficie, para a realización dos fins ou servizos públicos municipais que beneficien aos veciños da cidade, compartindo neste caso as cargas correspondentes.
- Concello de Vigo poderá acordar a incorporación a este uso, dalgunha outra entidade do barrio cando así o solicite e o permitan as disponibilidades de superficie e sexa compatible. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do local.

2º.- Somete-lo presente expediente a información pública, polo prazo de 15 días, de conformidade co previsto no art, 110 do RBEL o presente acordo devirá definitivo, de non se formular alegacións no periodo de información pública, o que se acreditará coa certificación que para este efecto expida o secretario xeral

3º.- A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

14(1526).- RESCISIÓN DOS CONTRATOS DE ARRENDAMENTO DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA BAIXADA A SAN FRANCISCO Nº 59 E 61 POR FALLA DE USO E IMPAGO. EXPTE. 2484/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 25.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e a interventora xeral, que di o seguinte:

O Concello de Vigo é propietario dun edificio, dedicado a locais de negocio, sito na rúa San Francisco, no mesmo, ubícanse os locais nº 59 e 61, que na actualidade atópanse arrendados respectivamente, a D. Alfredo román Villar e Juan Otero Sobral, sendo a data do contrato a de 22 de marzo de 2000, e o prazo de ditos contratos o de catro anos, a partir da data de entrega dos locais.

Segundo datos que constan no expediente administrativo dos contratos, ditos locais foron entregados aos arrendatarios o 1 de xullo de 2002, polo que o prazo contractual finalizaría o 1 de xullo de 2006.

Polo servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, remiten a este servizo, escrito de data 8 de xullo de 2004 , para que se formule proposta de rescisión, dos contratos de arrendamento , motivando a mesma, na falta de pago da renda de aluguer e falta de actividade por parte dos arrendatarios, así mesmo, manifestan, que ditos locais son necesarios para o desenvolvemento das actividades de protección, recuperación, e potenciación dos oficios artesanais, que ese departamento está levando a cabo.

As presentes contratacións réxense por a Lei de Arrendamentos Urbans de 1994, e así , no artigo 35 da mesma, referente ás causas de resolución do contrato de pleno dereito, remítese ao artigo 27.2 de dita lei, onde se recollen os feitos que darían lugar á mesma para os casos de arrendamento de vivienda, citando como causa de resolución do contrato a falta de pago por parte do arrendatario, feito que neste caso resulta acreditado, segundo se desprende do informe da Tesourería Municipal de data 12 de xullo de 2004, que se achega ao expediente.

Polo exposto, dada a necesidade que o Concello de Vigo ten de ditos locais, e o tratarse a falta de pago dunha das causas que a LAU/1994, tipifica como causa de resolución do contrato de arrendamento, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Primeiro.- Rescindir o contrato de arrendamento, de data 22 de marzo de 2000, concertado por parte do Concello de Vigo como arrendador e D. Alfredo Román Villar e Juan Otero Sobral dos locais, de propiedade municipal nº 59 e 61 respectivamente, situado na Baixada a San Francisco.

Segundo.- Do presente acordo darase conta á Asesoría Xurídica, en orde a exercer as medidas xudiciais pertinentes.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1527).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA SUBSTITUCIÓN DO QUE SE ATOPA DETERIORADO. EXPTE. 10917/444.

Antecedentes

A Xunta de Goberno con data 9.08.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de diverso material eléctrico para o Concello de Vigo.

Con data 5.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 203 de datas 19 e 20 de outubro respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes ofertas: 1) Miguel Pascual Sdad. Cooperativa (PASSCO), 2) Digamel Vigo S.L e 3) Dielectro Galicia S.A., 4) Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamientos S.A. (IMES S.A.).

Na Mesa de Contratación de data 8.11.04 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, pasando as ofertas ao servizo de Electromecánicos para informe, que foi emitido polo enxeñeiro industrial municipal, con data 11.11.04, propoñendo a adxudicación á empresa Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamientos S.A. (IMES).

A Mesa de Contratación en sesión do 15.11.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (IMES), o concurso para a subministración de de material eléctrico para substitución do que se atopa deteriorado por un prezo de 39.547,88 euros e subministrando as seguintes unidades de material:

45 Columnas galvanizadas de 10 metros.

15 Columnas galvanizadas de 12 metros

75 Postes de formigón

4500 Mts de conductor 2x6 mm

500 Pinzas cahors M-25

14525 Mts conductor 1x10 mm

2250 Mts conductor 1x16 mm

4500 Mts manguera.

Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 9.8.2004 e a oferta presentada.

16(1528).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO, DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E MOBILIARIO PARA OS CENTROS ANTENA DE SAIANS E CANDEÁN. EXPTE. 17128/240

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os pregos de condicións técnicas do 21.09.04, asinados polo xefe do Servizo de Atención Cidadá, e o prego de cláusulas administrativas do 12.11.04, asinado polo xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, ambos para a contratación da subministración e instalación de equipos informáticos e mobiliario para os centros antena de Saiáns e Candeán; visto o informe xurídico de 16.11.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 12.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 138.863,48 euros para a subministración e instalación de equipos informáticos e mobiliario para os centros antena de Saiáns e Candeán. O gasto imputarase da forma seguinte:

50.914,06 euros a partida 4631 6260000.

50.914,06 euros a partida 4631 6260001.

18.517,08 euros a partida 4631 6250000.

18.517,08 euros a partida 4631 6250001.

2º.- Aproba-las condicións técnicas e administrativas para a subministración e instalación de equipos informáticos e mobiliario para os centros antena de Saians e Candean.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

17(1529).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral ee de acordo cos informes-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servizos e obras foron recibidas e executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

a) A Construcciones Crespo, S.A.:

- A fianza por importe de 9.998,44 euros, constituída para responder das obras de peatonalización e humanización da rúa Velázquez Moreno xa que foron recibidas mediante acta de 10.01.02. Expte. 305/241

- A fianza por importe de 4.673,47 euros, constituída para responder das obras de peatonalización e humanización da rúa Eduardo Iglesias xa que foron recibidas mediante acta de 10.01.02. Expte.306/241
- b) A Transportes y Aridos Pablo Val, S.L. as fianzas por importe de 6.240, 9.600 e 2.400 euros constituídas para responder da subministración de materiais de construción e áridos. Expte. 421/241
- c) A Silvagro, S.L. a fianza por importe de 716 euros constituída para responder da subministración de materiais de construción xa que foron recibidas mediante acta de 28.10.02. Expte. 432/241

18(1530).- PRODUCTIVIDADE A D. JUAN A. BARREIRO VILA POR DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS (PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XULLO E O 30 DE SETEMBRO DE 2004) EXPTE 15344/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.10.04, conformado polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer e aboar ao traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con cargo á partida de produtividade, a a cantidade de 322,14 Euros, polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados o seu posto de traballo e os asignados ao posto de operador de informática, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2004.

19(1531).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVICIO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO 2004 POR EXCESO DE XORNADA ANUAL. EXPTE 15387/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de OUTUBRO-2004, e que ascenden a

un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

20(1532).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2004. EXPTE. 15386/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de OUTUBRO-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

21(1533).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2004. EXPTE. 15389/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer ss obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de OUTUBRO-2004, e que ascenden a un total de 1.125'04 € (MIL CENTO VINTE CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(1534).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JUAN JESÚS GARCÍA ALFONSO POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL, CORRESPONDENTE Ó 1º, 2º E 3º TRIMESTRE DO 2004. EXPTE. 15394/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña,

as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de OUTUBRO-2004, e que ascenden a un total de 1.125'04 € (MIL CENTO VINTE CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(1535).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA POLOS SERVIZOS DE PALISTA, CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2004. EXPTE. 15388/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados como palista no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García cantidade de 49'20 € (COARENTA E NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondente o mes de OUTUBRO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(1536).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO 2004. EXPTE 15390/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 17.11.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por dona Mercedes Riveiro Troncoso do servizo de Relacións Públicas, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 74.081'16 € (SESENTA E CATRO MIL OITENTA E UN EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de OUTUBRO de 2004.

25(1537).- RECLAMACIÓNS PREVIAS Á VÍA LABORAL DE VARIOS TRABALLADORES CONTRATADOS NO MARCO DOS PROGRAMAS DE MUNICIPAIS DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 15397/220

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 23.11.04, sobre o asunto de referencia, conformado polo concelleiro delegado de Persoal que di o seguinte:

Con data 18 de novembro de 2004, presentanse no rexistro xeral unha serie de reclamacións previas á vía laboral por parte de varios traballadores contratados en réxime temporal baixo a modalidade dun contrato de inserción, no marco dos programas municipais de emprego 2004 –2007, tal e coma a continuación se relacionan :

- D. Juan José Ferro Vázquez, coa categoría de oficial xardineiro
- D. Valdomero Valuje Alvarez, coa categoría de oficial albanel
- D. Ruben Fernandez Lorenzo, coa categoría de oficial albanel
- D^a. M^a. Digna Martínez Suarez, coa categoría de oficial xardineira
- D. Alvaro Cruces González, coa categoría de oficial canteiro
- D. José Sanchez Lago, coa categoría de oficial albanel
- D^a. Emilia Domínguez Araujo, coa categoría de peón
- D. Olegario Figueiras Vila, coa categoría de oficial ferreiro
- D. Manuel Martínez Comojo, coa categoría de peon
- D^a. Edita Pérez Estévez, coa categoría de peón
- D^a. Clara Eugenia Pazos Vázquez, coa categoría de peón
- D. José Berjes Rodríguez, coa categoría de oficial pavimentador
- D^a. María Alvarez Alvarez, coa categoría de peón
- D^a. Margarita Amalia Iglesias Alfonso, coa categoría de oficial xardineira
- D^a. Patricia Comesaña Fernández, coa categoría de oficial conductora
- D. Raimundo Caride Grandal, coa categoría de oficial fontaneiro
- D^a. Beatriz Rodríguez Vila, coa categoría de oficial xardineira
- D. Miguel Rubinos Conde, coa categoría de peón
- D. Jorge González González, coa categoría de peón
- D. José Carlos Liboreiro García, coa categoría de peón
- D^a. Consuelo Fernández Fernández, coa categoría de peón

As reclamacións presentadas teñen por obxecto peticionar unhas supostas diferencias salariais, en nengún momento xustificadas polos propios recorrentes, sen aportar negun outro razoamento ou motivación que a suposta existencia dun “ pacto retributivo “ entre o Concello de Vigo e a Consellería de Familia, que lonxe de ser certo dita afirmación, resulta paradoxalmente contraria a realidade documental do expediente.

Tal e coma se informa pola xefatura do servizo de desenvolvemento local e emprego no seu abundado informe de 22.11.04, conséntase precisamente nos impresos oficiais de solicitude xenérica de oferta ao Servicio galego de Colocación, que na casilla “ retribución orientativa anual bruta (miles de ptas.) “ o salario será 1.468 para oficiais e 1.398 para peóns, resultando unha obviedade que ditos importes se consignan nos catro díxitos da casilla e en miles de ptas., o que quere dicir que percibirán 1.468.000 ptas. anuais os oficiais e 1.398.000 ptas os peóns, importes que se corresponden aproximadamente cos 735 € / mes e 700 € / mes para as respectivas categorías profesionais. E istos importes son os que precisamente se indican no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de Emprego 2004-07 (B.O.P. de 09.07.04), que lles resulta de aplicación a tales modalidades contractuais, tal e coma por outra banda se reflicte expresamente no texto dos respectivos contratos de traballo asinados polos traballadores, vinculantes para ámbalas dúas partes (artigo 3 do E. T.), polo que non se alcanza a entender que precepto de orixe contractual, convencional ou legal pode sustentar tales reclamacións.

Asemade, dentro das reclamacións previas referenciadas, inclúese unha petición expresa do traballador Sr. Ferro Vázquez solicitando o dereito a percibir o 100% das súas retribucións durante o período no que se atopou de baixa laboral, reclamación que tampouco encontra amparo en norma laboral algunha.

Por todo o exposto sométese á consideración da Xunta Local de Goberno a seguinte proposta de acordo :

“Desestima-las reclamacións previas presentadas polos traballadores anteriormente relacionados no informe da unidade de persoal de data 23.11.04, que se transcribe como parte integrante deste acordo.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1538).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CAIXAGALICIA E CONCELLO DE VIGO PARA A CONCESIÓN DE MICROCRÉDITOS. EXPTE. 2838/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do técnico de Admón. Xeral, do 25.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 26.11.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de colaboración entre Caixa Galicia e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento en Vigo dun Programa piloto de microcréditos, que consta no expediente, para a súa sinatura inmediata.

27(1539).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE DA U.E. I-02 REGUEIRO. EXPTE. 8857/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 15.11.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse un polígono en solo urbano non consolidado denominado "UE-I-02 Regueiro", con ordenanza de aplicación "1.2.A.", a executar por compensación, previa aprobación dun Estudio de Detalle.

2º.- En data 30/01/2004, o representante da entidade mercantil "Edificio Fontán SL" interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do Estudio de Detalle dese polígono. Achegou ó efecto a pertinente documentación, que foi rectificada con outra posterior presentada en datas 29/09/2004 e 25/10/2004, previo requirimento dos servizos técnicos municipais.

No 04/11/2004 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que entre outros extremos fixo consta-lo seguinte:

" O estudio de detalle ten o seguinte obxectivo: Ordenar a edificabilidade prevista na ficha de características, nun sólido destinado ó uso de residencial colectivo. A superficie do ámbito é de 5.932,00 m2, dos cales 1.173,00 m2 pertencen á actual rúa Regueiro e 4.759,00 m2 ó resto das propiedades. A edificabilidade media por ordenanza 1.2.A é de 1,313 m2/m2, polo que a edificabilidade máxima para o ámbito é de 6.248,69 m2 construídos. A parcela destinada ó sólido é de 1.798,00 m2, figurando para zonas verdes e espazos libres unha cesión de 1.684,00 m2, a cesión para a ampliación da rúa Regueiro 903,00 m2 e cesión para equipamento unha parcela de 374 m2. A ficha do plan xeral condiciona a ordenación á tipoloxía 1.2.A (...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Os Estudos de Detalle réxense polo disposto no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se preceptúa que abranguerán quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, cos seguintes obxectivos:

- "a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación, complementarias do planeamento".

Neste caso, dacordo co sinalado no anterior Informe técnico do 04/11/2004 citado, e sen prexuízo do resultado do trámite de información pública, o Estudio de Detalle presentado axústase ó referido precepto, consonte co disposto no vixente PXOU-93.

A xestión e distribución de cargas e beneficios no devandito polígono levarase a cabo polo sistema de compensación, regulado nos arts. 154 e ss. LOUGA. A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello, tal e como preceptúa o Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). A tal fin, as fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de constituírse unha entidade urbanística de conservación.

A tramitación deste procedemento debe axustarse ó disposto no art. 86.2 LOUGA. O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Xunta de Goberno Local, tal e como preceptúa o art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local para que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Estudio de Detalle do Polígono "UE-I-02-Regueiro", promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL.", e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29/09/2004, con fixación do sistema de execución por compensación. (Exp. 8857/411).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono e demais interesados, na forma prevista nos Arts. 58 e 59 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1540).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE ENLACE DAS RÚAS REDOMEIRA E 1ª TRAVESÍA PADRE CELSO. PROPOSTA DESESTIMATORIA DE APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4470/401.

Retírase o expediente da orde do día para que mellor estudo do concelleiro Sr. Figueroa Vila.

29(1541).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. II DO PERI II-03 CASTRO-CASTRÍÑO. EXPTE. 23025/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 12.11.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 27/08/2004 o enxeñeiro xefe da oficina municipal de Vías e Obras emitíu o seguinte Informe-Proposta:

"(...) Con data 18/11/1998 D. José Manuel Sobrino Ubeira en nome e representación da sociedade Vigolar S.A, promotora das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción das obras contempladas no proxecto de Urbanización UA del PERI II-03 Castro Castriño, aprobado polo Consello da Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 14/02/1995. Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano de recepción definitiva.
- Acta de recepción das obras por parte da Xunta de Compensación conformada pola propia Xunta de Compensación , Empresa Constructora e Dirección Facultativa das obras.
- Certificación do Técnico Director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ó Concello.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitado-los correspondentes informes ós servizos de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e ós servizos técnicos de Aqualia empresa Concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de agua, cos seguintes resultados: (...) En data 17/08/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e sen atopar deficiencias , salvo vicios acochados. En data 6/07/2004 o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que as obras axústanse ós requisitos deste departamento. En data 25/01/2002 Servizo de Electromecánicos , informa que as instalacións de iluminación pública cumpren a normativa vixente. En data 19/04/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia , informa que nas instalacións de Saneamento e abastecemento las anomalías han sido subsanadas y justificada la ausencia de sumideros.

Poderán outorgarse licencias de primeira ocupación que se soliciten, ó ámbito da urbanización recibida.

Polo exposto sómete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte, PROPOSTA:

1.- Aproba-la recepción definitiva das obras de urbanización da Urbanización UA del PERI II-03 Castro Castriño.

2.- Dar traslado deste acordo ós seguintes servizos municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta darán por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía (...). 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Neste caso, o Informe-Proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 27/08/2004 podería considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

Por outra banda, a propiedade do ámbito deberá asumir o mantemento das novas zonas verdes cedidas ó Concello, tal e como preceptúa o Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Para tal fin deberán constituírse en entidade urbanística de conservación (art. 110.6 LOUGA).

É competente para adoptalo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte **A C O R D O**

PRIMEIRO: Aprobar a recepción das obras de urbanización da "UA-II" do PERI "II-03 Castro Castriño" (expte. 23025/250).

SEGUNDO: A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requirirá do transcurso previo do prazo de garantía dun ano dende a data de emisión deste Acordo.

TERCEIRO: Requirit aos propietarios desa unidade de actuación, a fin de que no prazo máximo de tres meses se constituán en entidade de urbanística de conservación.

CUARTO: Notifíquese este Acordo ós servizos municipais de Licencias, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Aqualia. Notifíquese tamén o seu contido íntegro á entidade mercantil solicitante e ós propietarios do ámbito, coa indicación de que contra él cabe interpor,

alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta que se contén no precedente informe.

30(1542).- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREO PARA ENSANCHE E MELLORA DO CÑO. DE COUTADAS-CASTRELOS. EXPTE. 42269/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 11.11.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data do 9 de setembro de 2004, D. Benito Pereira Alvarez solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos a superficie da súa propiedade, situada no camiño Coutadas na parroquia de Castrelos, cedida para a ampliación do dito viario público. A dita parcela foi adquirida, en cuotas iguais e en proindiviso por D. Benito Pereira Alvarez e D. Guillermo Pereira Alvarez, en escritura de compravenda a D. Faustino Abalde Abalde ante o notario de Vigo D. Alberto Casal Rivas, co número do seu protocolo 5.186, en data do 27 de decembro de 1977.

D. Faustino Abalde Abalde era titular, en pleno dominio, con libre poder de disposición, das fincas seguintes, colindantes entre sí, sen solución de continuidade, indivisibles, libres de cargas e de arrendatarios, non inmatriculadas no Rexistro da propiedade, situadas na parroquia de Castrelos, nomeamento de Macal, no término municipal de Vigo:

“1.- Terreno de la superficie de unos dos mil quinientos metros cuadrados, que limita: Norte, de Manuel Comesaña, Sur, camino, Oeste, del Ayuntamiento, y, Este, la finca que se describe a continuación.

2.- Terreno de la superficie de unos mil quinientos metros cuadrados, que limita: Norte, de Manuel Comesaña, Este, camino que conduce a los molinos de Barallas, Oeste, la finca antes descrita, y, Sur, camino.”

2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no núcleo 06.02 MONTE DE MACAL C SNU, regulado pola ordenanza 1.3.B de vivenda unifamiliar illada de media densidade.

3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por D. Benito Pereira Alvarez, informando, en data do 28 de setembro de 2004, que a superficie total de cesión é de 108 m².

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obligatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerarase a efectos de parcela mínima.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 108, m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenzia de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Benito Pereira Alvarez da porción de parcela de 108 m² de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche do camiño Coutadas, na parroquia de Castrelos.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenzia resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.

Cuarto.- Notifíquese este acordo ó interesado, coa advertencia de que contra este acordo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1543).- SOLICITUDE DE PRORROGA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA AVDA. DE ATLÁNTIDA. EXPTE. 37147/250.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 23.11.04, que di o seguinte:

En data 30 de xuño de 2003 a Comisión de Goberno Municipal adoptou o acordo de adxudicar os lotes A e D da subhasta para a execución de obras de mellora do pavimento dos viais en Vigo.

A pavimentación da Avda. Atlántida figura entre os viais contemplados en ditos lotes.

Estando prevista a súa execución durante a época estival, non foi posible por mor ás directrices establecidas dende o servizo municipal de tráfico.

Posteriormente a empresa de telecomunicacións “R” solicitou licenza para a implantación dunha canalización nesta vía, motivo polo que se lle indicou ao contratista adxudicatario da pavimentación que debería facela unha vez finalizadas as obras de “R” por motivos obvios.

O feito de estar parte desta travesía en zona de cautela arqueolóxica, supón a autorización da Consellería de Cultura para a súa execución, dito trámite supuso un retraso adicional para as obras de “R”.

Dado o avanzado do calendario e a tradicional paralización das obras na vía pública durante as festas de Nadal, todo fai prever que non podrán executarse as obras de pavimentación ata o vindeiro mes de Febreiro, sendo ésta unha época do ano pouco recomendable para a operación de extendido de mezclas bituminosas por mor das baixas temperaturas e as incertas condicións metereolóxicas.

Trala solicitude de prórroga de Construcciones Crespo, S.A. para a execución das obras de pavimentación da Avda. Atlántida , e a conseguinte renuncia expresa a compensación económica algunha por tal motivo, infórmase favorablemente dita solicitude , sometendo á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA:

1º.- Conceder prórroga a Construcciones Crespo, S.A. , adxudicatario das obras de pavimentación da Avda. Atlántida ata o mes de abril de 2005, o que supón unha prórroga de seis meses.

2º.- Construcciones Crespo, S.A. non tendrá compensación económica algunha, como expresamente dí na solicitude de prórroga presentada.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1544).- PROXECTO MODIFICADO DO DE CAPA DE RODADURA DA RÚA MARQUÉS DE VALLADARES. EXPTE. 37151/250

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 23.11.04, que di o seguinte:

En data 30 de xuño de 2003 a Comisión de Goberno Municipal adoptou o acordo de adxudicar o Lote E , entre outros da subata, para a execución de obras de mellora do pavimento nas rúas de Vigo a “Sercoya Proyectos y Obras”.

A pavimentación da rúa Marqués de Valladares, figura entre as do mencionado Lote E.

As directrices do Servizo Municipal de Patrimonio Histórico , no sentido de manter a actual pavimentación a base de lastro no tramo entre Colón e Carral , foi a causa pola que a obra non foi executada.

Ao substituír recentemente os servizos de saneamento e abastecemento de auga no tramo desta rúa entre a rúa Pontevedra e Colón, redactouse o proxecto modificado obxecto deste informe, que na súa variación económica sobre o orixinal substitúe partidas de pavimentación da calzada por partidas de pavimentación de beirarrúas, no

ánimo de dotar ao tramo da rúa mencionado dunhas beirarrúas con materiais máis acordes co previsto no entorno da Praza de Compostela.

Como se dixo, o presuposto base de licitación non sofre variación. Os prezos novos foron propostos pola Administración e aceptados polo Contratista, quen ha renunciado expresamente a calquera tipo de indemnización derivada das modificacións neste proxecto.

Polo exposto, sométese á consideración desa Xunta de Goberno Local a seguinte ,

PROPOSTA:

1º.- Aprobar tecnicamente o proxecto modificado do de Capa de rodadura da rúa Marqués de Valladares.

2º.- Encomendar a Sercosa Obras y Proyectos, adxudicatario do proxecto orixinal, a execución das obras neste proxecto contempladas, polo importe de 56.632,26 €, polo que lles foron adxudicadas as obras do proxecto orixinal.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1545).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E CONSEGUENTES PROPOSTAS PARA A CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS E APOIO AO ESTABLECIMENTO DE REDES DE SOCIOS TRANSACCIONAIS PARA ESA CAPTACIÓN. EXPTE. 42214/250

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 20.09.04 aprobou o expediente de contratación da asistencia técnica á Concellería de Servizos Serais para a redacción de proxectos e conseguintes propostas para captación de fondos europeos e apoio ao establecemento de redes de socios transaccionais para esa captación.

En sesión do 15.11.04 acordou “declarar deserto o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución para a redacción de proxectos e coas conseguintes propostas para a captación de fondos europeos e apoio ao establecemento de redes de socios transaccionais para esa captación por non se ter admitida a única proposta presentada.”

Con data 24.11.04 o xefe administrativo de Vías e Obras, emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de dita Área.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o procedemento de negociado sen publicidade para a selección do adxudicatario da asistencia técnica para a “Redacción de proxectos e conseguintes propostas para a captación de fondos

Europeos e apoio o establecemento de redes de socios transnacionais para esa captación” para a área de servizos xerais dacordo co previsto no artigo 182.a da LCAP.

2º.- Autorizar o gasto de 29.500,00 euros para a contratación da asistencia técnica para a “Redacción de proxectos e conseguíntes propostas para a captación de fondos europeos e apoio o establecemento de redes de socios transnacionais para esa captación” con cargo á partida 511.0.227.06.00 do presuposto do 2004.

3º.- Iniciar un novo procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

34(1546).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE DECEMBRO.

Visto o informe do técnico de Intervención Xeral do 22.11.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os seguintes gastos de locomoción do persoal municipal para incluír na nómina do mes de decembro de 2004.

| FUNCIONAL | SERVICIO | IMPORTE |
|--------------|---------------------------|----------------|
| 1216 | Patrimonio e Contratación | 98,60 |
| 1218 | Parque Central | 204,17 |
| 2220 | Seguridade | 694,28 |
| 3220 | Desenvolvemento Local | 20,91 |
| 4130 | Sanidade | 258,40 |
| 4220 | Educación | 340,34 |
| 4324 | Electromecánicos | 214,71 |
| 4326 | Parques e xardíns | 40,08 |
| 4420 | Limpeza | 1.384,48 |
| 4430 | Cemiterios | 141,61 |
| 4513 | Museo Quiñones de León | 47,94 |
| 4531 | Patrimonio Histórico | 360,61 |
| 4633 | Normalización Lingüística | 125,15 |
| 5110 | Vías e Obras | 2.061,42 |
| TOTAL | | 5.992,7 |

35(1547).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG. | S/FAVOR |
|-----------------------------------|---------|-----------|-----------|----------|---------|
| CARNEIRO MINIÑO PILAR | 0433477 | 12.000,00 | 12.000,00 | | |
| DIAZ DE BUSTAMANTE MARIA PILAR | 0444794 | 1.500,00 | 1.048,00 | 452,00 | |

| | | | | | |
|----------------------------|---------|-----------|-----------|----------|--|
| ESPADA RECAREY LUIS | 0444797 | 12.000,00 | 11.899,80 | 100,20 | |
| IGLESIAS VAZQUEZ M. CARMEN | 0442799 | 1.200,00 | 1.197,67 | 2,33 | |
| NUÑEZ TORRON LOPEZ JESUS | 0427611 | 406,00 | 406,00 | | |
| “ | 0427612 | 204,00 | 204,00 | | |
| “ | 0427613 | 109,98 | 109,98 | | |
| “ | 0440804 | 600,00 | 600,00 | | |
| OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO | 0447652 | 6.500,00 | 5.295,39 | 1.204,61 | |
| OTERO BARBERENA HENRIQUE | 0437052 | 600,00 | 600,00 | | |
| RODRIGUEZ FRIEIRO RICARDO | 0418383 | 3.000,00 | 2.988,00 | 12,00 | |
| ROMO PEREZ VICENTE | 0445019 | 22.537,95 | 22.537,95 | | |
| TOTAL | | | 58.886,79 | | |

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(1548).- DESESTIMENTO DO CONCELLO DE VIGO NO REC. APELACIÓN INTERPOSTO NO TSXG CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO QUE DECLARA O DEREITO DO RECORRENTE AO EXERCIZO DA ACTIVIDADE FUNERARIA (SEN ESTABLECEMENTO) NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 8.04.03 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dicta sentenza no r.c.a. nº 40/2002 que fallaba o seguinte:

“Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Vicente Gerardo González González (POMPAS FÚNEBRES DEL MIÑOR) contra resolución do Concello de Vigo de 3.01.01, que desestima o recurso de reposición interposto contra a de 5.10.01, que deixa sen efecto a licenza presunta para o exercizo da actividade funeraria en Vigo por incumpri-los arts. 6 e 8 (en relación co art.3) da Ordenanza reguladora desta actividade no término municipal de Vigo, actos que declaro non axustados a dereito e por tanto anulo, declarando o dereito do recorrente ó exercizo da actividade funeraria (sen establecemento) no término municipal de Vigo. Sen custas.”

Contra dita sentenza o Concello de Vigo interpuxo recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que pende de resolución.

Dáse conta ante esta Xunta de Goberno Local de escrito do letrado de Asesoría Xurídica do 29.11.04 propoñendo o desestimento do recurso de apelación.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda desistir do recurso de apelación presentado por este Concello ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictada no r.c.a. nº 40/2002.

37(1549).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 2841/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 25.11.04, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local aprobou o día 08-11-2004 os pregos de condicións para a contratación da xestión do servizo público de conservación de zonas verdes.

Na cláusula XIV do prego de cláusulas administrativas no que se fixan os criterios de adxudicación no refereido o criterio prezo establécese a seguinte fórmula para a súa valoración.

“O prezo valorarase con un máximo de 20 puntos a oferta máis económica e as demais valoraranse segundo a fórmula seguinte:

$$P=20 \times X/Y$$

Onde

P= puntuación obtida

X= A maior baixa ofertada

Y= baixa de oferta a considerar”

A aplicación de esta fórmula tal e como aparece no prego de condicións conduce ó absurdo de que as ofertas restantes obterían unha puntuación maior.

A vista desta circunstancia proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula XIV do prego de cláusulas administrativas para a contratación mediante concurso, da prestación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do concello de Vigo aprobado por acordo da xunta de Goberno Local de 08-11-2004 que quedará redactada da forma seguinte no referente o procedemento de valoración da puntuación outorgada o criterio prezo:

“O prezo valorarase con un máximo de 20 puntos a oferta máis económica e as demais valoraranse segundo a fórmula seguinte:

$P=20 X \times Y$

Onde:

P = puntuación obtida

X =baixa de oferta a considerar

Y = A maior baixa ofertada.”

2º.- *Publicar un anuncio no DOG e no BOP no que se indique o cambio efectuado no Prego de condicións e outorgando un novo prazo de 15 días naturais para a presentación de ofertas.”*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

38(1550).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA PARA A ORGANIZACIÓN DO IV CONGRESO PROVINCIAL DE HOSTELERÍA E TURISMO. EXPTE. 1548/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio do 10.11.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 3.000€ (IVE incluído) a favor da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería (FEPROHOS), con CIF: G-36614907, para a organización da IV Congreso Provincial de Hostelería e Turismo, con cargo á partida 7510 470 02 01, “Subvencións actividades”, da Concellería de Turismo do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Federación Provincial de Empresarios de Hostelería (FEPROHOS) deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo desta celebración.

3º.- A Federación Provincial de Empresarios de Hostelería (FEPROHOS) será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actividades durante o Congreso, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

4º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para a ano 2004. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da

subvención concedidas, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

39(1551).- AUTORIZACIÓN PARA A INTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA PRAZA DO REI. EXPTE. 1225/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 29.11.04, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a Juvesport S.L a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Praza do Rei entre os días 09/12/04 e 09/01/05.

2º.- Facilitar a subministración de auga e enerxía eléctrica, necesaria para o funcionamento da mesma, cuxo gasto será por conta do Concello.

3º.- A empresa Juvesport en contraprestación, deberá comprometerse a:

- Posibilitar a utilización gartuíta para os centros escolares, que o soliciten, coordinados polo Servizo de Xuventude, en horario matinal durante os días comprendidos entre o 09/12/04 e 22/12/04.
- Manter a pista de patinaxe aberta os venres e sábados ata as 2:00 horas da madrugada, para a súa inclusión como actividade de ocio nocturno ofertada polo Concello ó público xuvenil.
- Facilitar á Concillería de Xuventude un total de 100 entradas semanais, que serán distribuídas entre os participates do Programa Noites Vivas.
- Cumprir as indicacións recollidas nos informes dos Departamentos de Vías e Obras e Seguridade.

40(1552).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS E O CONCELLO DE VIGO PARA A IMPLANTACIÓN DUN DISPOSITIVO DE INTEGRACIÓN GLOBAL PARA PERSOAS DESFAVORECIDAS RESIDENTES NO TERMO MUNICIPAL. Expte. 11146/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 22.11.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a interventora xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a prórroga do convenio de cooperación entre a Consellería de Asuntos Sociais e o Concello de Vigo para a implantación dun dispositivo de integración global para persoas desfavorecidas residentes no termo municipal para o ano 2005, en execución de determinadas accións do I Plan Galego de Inclusión Social, e que será subscrito pola Excma. Sra. Conselleira de Asuntos Sociais e a Excma. Alcaldesa de Vigo cunha aportación autonómica de 145.000 € e unha aportación municipal de 15.000 € para gastos de persoal e coas estipulacións contidas no mesmo.

2ª PRÓRROGA Ó CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A IMPLANTACIÓN DUN DISPOSITIVO DE INTEGRACIÓN GLOBAL PARA PERSOAS DESFAVORECIDAS RESIDENTES EN DITO TERMO MUNICIPAL, EN EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

A Excma. Srª. Dª. Belén Prado Sanjurjo, conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, e no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, nomeada polo Decreto 210/2004, do 9 de setembro, así como no Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e de conformidade co establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, feito público mediante Resolución do 8 de abril de 1991, da consellería de Economía e Facenda (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

E doutra parte:

A Ilma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes que interveñen en función dos seus cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, formalizan a prórroga do convenio e, para o efecto,

MANIFESTAN

I.- Con data 2 xaneiro de 2003 a Consellería de Asuntos Sociais asinou un convenio de cooperación co Excmo. concello de Vigo para a implantación dun dispositivo de integración global para persoas desfavorecidas residentes en dito termo municipal, en execución do I Plan Galego de Inclusión Social.

II.- Na cláusula decimosegunda do convenio regúlase a posibilidade de prorrogar tacitamente o mesmo mentres se manteña a súa colaboración, salvo denuncia expresa das partes asinantes que poderá ser formulada con dous meses de antelación.

III.- De acordo co anterior, en data 30 de decembro de 2003 asinouse a primeira prórroga do convenio para o ano 2004 sen que, posteriormente, houbera denuncia polas partes asinantes.

IV.- A execución das accións previstas no I Plan Galego de Inclusión Social precisa dotar de continuidade temporal o contido establecido nas cláusulas do convenio de colaboración suscrito. Estas accións están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En virtude do exposto, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e o Excmo. concello de Vigo,

ACORDAN

Primeiro.- Prorrogar por un ano o convenio asinado con data 2 de xaneiro de 2003. Esta prórroga terá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Segundo.- A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais achegará, a cantidade de cento corenta e cinco mil euros (145.000.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 16.04.212D.460.2, cofinanciado nun 75% polo Fondo Social Europeo, e pola súa banda, o concello de Vigo achegará a cantidade de quince mil euros (15.000.- euros).

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

41(1553).- MODIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE XARDIÑEIRAS COLGANTES EN BÁCULOS DO ALUMEADO PÚBLICO CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN DE 15.11.04. EXPTE. 1546/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 26.11.04, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 15 de novembro, adoptou o acordo de autorizar á empresa CALFENSA, SL, adjudicataria do concurso para o subministro e instalación de xardiñeiras, á instalación nos báculos do alumeado público de xardiñeiras colgantes, amparándose en informe positivo emitido polo Servizo de Electromecánicos da mesma data, no que se lle obriga á empresa ó cumprimento de unha serie de cuestións inexcusables para autorizar a devandita instalación.

Comunicado o devandito acordo á empresa con data 15 de novembro, CALFENSA SL. emite informe técnico no que manifesta a imposibilidade de dar cumprimento ó apartado 5º do informe do Enxeñeiro Municipal, no que se obriga

á empresa a que os elementos de suxección ás farolas sexan plásticos e nunca metálicos. A empresa manifesta que o proveedor dos flexes de suxección non garante a seguridade do dispositivo se non é metálico e ademais engade que non é posible, pola mesma razón, interpoñer entre o báculo e a suxección ningún elemento estrano como goma, caucho ou similar.

A empresa CALFENSA SL, no seu informe de data 15 de novembro expresa, en todo caso, que se fai plenamente responsable dos danos que se lle puideran causar ós báculos como consecuencia da suxección metálica ou da colgadura da xardiñeira, comprometéndose a que a suxección sexa de aceiro inoxidable para evitar corrosión ou oxidación.

Con data 26 de novembro, o Enxeñeiro Municipal, D. Alvaro Crespo, acepta que os flexes de suxección sexan metálicos, modificando por tanto o contido do apartado 5º da autorización expedida no seu día, facendo a salvedade de que a empresa deberá, en todo caso, constituir un aval ou fianza para responder dos posibles danos que se ocasionen ós báculos do alumeado.

Neste sentido, hai que dicir que a empresa CALFENSA, SL. xa constituiu con data 26 de outubro aval bancario polo importe do 4% do prezo de adxudicación do contrato, para responder do subministro e instalación das xardiñeiras colgantes. A empresa, ademais, con data 26 de novembro, remite escrito ó Concello no que asume que o devandito aval se fai extensivo a todas as xardiñeiras que se coloquen, sexan en fachadas ou báculos do alumeado.

O propio prego de prescricións técnicas para a adxudicación do concurso de subministro e instalación esixía das empresas licitadores a constitución dunha póliza de responsabilidade por importe de 300.000€. A empresa CALFENSA, SL, aporta póliza de seguro que se achega no expediente xunto co último recibo.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar á empresa CALFENSA, SL., adxudicataria do contrato de subministro e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais á colocación das devanditas xardiñeiras nos soportes do alumeado público.

2º.- A empresa deberá observar en todo momento as consideracións realizadas polo Servizo de Electromecánicos no seu informe de data 15 de novembro, agás o punto número 5 do devandito informe, que aparece modificado polo Enxeñeiro Municipal no seu informe de data 26 de novembro, que se achega no expediente, ó amparo do que se lle permite á empresa a colocación de suxeccións metálicas nos báculos.

3º.- A empresa adxudicataria, CALFENSA, SL., responderá de todos os danos que se poidan ocasionar ós báculos do alumeado público ou a terceiros, como consecuencia da instalación das xardiñeiras ou das súas suxeccións.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1554).- PROPOSTA DE COBERTURA POR INTERINAXE DUNHA PRAZA DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A. EXPTE. 15395/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 22.11.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura dunha praza de Oficial Sepultureira, contratada laboral por interinaxe., vacante no vixente Cadro de Persoal Municipal e Relación de Postos de Traballo.

2º.- Contratar interinamente con cargo a praza vacante de Oficial Sepultureira , á Dª. NOEMI YOLANDA VIEITEZ OITABEN, NIF 36.098.356-V, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da fase de oposición na última convocatoria para a provisión dunha praza de oficial sepultureiro/a, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

3º.- A interesada formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinaxe, ó aveiro do disposto nos artigos 15.1.c) e do 14 do Estatuto dos Traballadores, RD 2546/94, RD 2720/98, RDL 11/98 e Lei 50/98.

A aspirante nomeada deberá subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinaxe no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución.

4º.- A extinción do vínculo laboral con ésta Administración e o conseguinte remate do contrato de interinaxe producirase automaticamente no momento no que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

43(1555).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COLÓN ENTRE AS RÚAS POLICARPO SÁNZ E URUGUAY. EXPTE. 964/400.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade do 22.11.04, e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 26.11.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Aprobar o proxecto de humanización da rúa Colón entre as rúas Policarpo Sáenz e Uruguay.

44(1556).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez